



Un máis na familia

Colexio José Cornide Saavedra
A Coruña
CURSO 2022 - 2023



UN MÁIS NA FAMILIA

A chegada dun novo integrante na familia, sexa un bebé outra persoa ou un animal, supón unha gran felicidade pero tamén unha revolución familiar. Moitas veces conleva unha serie de cambios que será importante ter en conta para que continúe a harmonía no fogar.

O proxecto que vai ocupar as nosas investigacións, lecturas e aprendizaxes neste curso ten por tema principal OS ANIMAIIS DOMÉSTICOS pero tamén falaremos doutras persoas que aparecen na familia de xeito ocasional como pode ser unha nova irmá/n, un avó ou avoa que ven a vivir coa familia, unha nova parella...

Con respecto aos animais, ímonos centrar na necesidade de educar aos cidadáns dende pequenos para favorecer o desenrolo dunha conciencia ecolóxica que lles leve a comprender a estreita interrelación que existe entre os animais e as persoas, e a necesidade de coidalos e protexelos para contribuír a unha sociedade máis sostible e habitable para todos. Deste xeito, favorécese o desenrolo integral do alumnado e impúlsase a vinculación e compromiso co coidado e protección do entorno natural e os seres que o habitan.

Queremos, con este proxecto, poñer en valor a diversidade de familias e a importancia que teñen todos os seus membros. Facer unha especial homenaxe ás mascotas, que durante o tempo de confinamento nos fixeron tanta compañía.

Traballaremos coa figura das diferentes mascotas e outros animais domésticos como os da granxa: cans, gatos, tartarugas, ovellas, cabalos, paxaros..., pero non só elas, senón en xeral todos os que conviven con nós: pais, irmáns, avós... e que forman parte da nosa FAMILIA.

1. Ler, contar, cantar, escoitar.

Cada venres, na sesión de lectura en voz alta que compartimos todos no colexio, habemos ler e escoitar textos referidos ás mascotas e ás familias, historias nas que as mascotas, son as protagonistas ou nas que elas teñen especial relevancia.

Algunhas destas historias serán as que logo se leven ao escenario da man dos distintos grupos de aula.

Así mesmo, cada titor contará con máis libros para facer lecturas sobre o tema co seu grupo de alumnos e alumnas.





2. Buscar, atopar, informarnos, estudar.

Como sempre, o desenvolvemento deste proxecto suporá tamén a realización de actividades de busca e restitución de información:

- Trataremos o tema do respecto polos seres vivos e, en especial polos animais de compañía.
- Faremos unha viaxe polo mundo dos animais de compañía e estableceremos un estreito compromiso coa responsabilidade que conleva introducilos nas nosas vidas, nas nosas familias e nas nosas cidades.
- Achegarémonos ao tema dos animais partindo do seu coñecemento individual e progresando cara a súa relación coa familia e coa sociedade.
- Indagaremos na importancia que teñen algúns animais en distintas profesión (policía, atención psicolóxica, terapéutica...)

Temos a intención de convocar a persoas que traballen con animais de compañía dende distintos ámbitos: Veterinario, protectora animais, Terapeutas, Forzas de seguridade, Emerxencias...

3. Imaxinar, pensar, expresarnos, crear.

"Un máis na familia" contará co seu Caderniño de traballo que, coma sempre, terá o mesmo formato para todos, de infantil ata sexto, con propostas moi abertas que se adapten ás distintas idades.

En principio, algunhas poderían ser:

- As miñas mascotas: páxinas para personalizar o traballo debuxando, poñendo fotos, escribindo nomes, describindo a eses animais e os beneficios que nos aportan...
- Animais domésticos (de cidade e de campo).
- Profesións relacionadas cos animais e animais con profesións.
- Contos e películas sobre animais.
- Animais importantes e noticias sobre animais.
- Familias diversas: traballos sobre contos nos que se fale doutras persoas que aparecen na familia como pode ser un novo irmán, un avó ou avoa, unha nova parella, un neno ou nena en acollida ou adoptado...

Levaremos a cabo a actividade "A palabra da semana".

Animaremos ao alumnado para que os traballos que se realicen sobre a palabra elixida, garden relación coa temática do proxecto "Un máis na familia".

4. Cántame con arte.

Como en proxectos anteriores faremos neste algún traballo inspirado en obras de arte.

Como por exemplo, traballar coa Pomba de Picasso, aproveitando tamén que o 2023 é o ano **Picasso** no que se conmemora o 50 aniversario da súa morte.



5. No vestíbulo.

Como proposta para o taboleiro do vestíbulo deseñamos a actividade que recibirá o nome de *As nosas mascotas*.

A idea é solicitar ás familias que nos envíen fotos dos nenos e nenas cos animais domésticos da súa contorna.

6. Saímos polo mundo, recibimos visitas.

Con este tema imos pedir a distintos profesionais que traballan con animais que nos veñan a informar sobre aspectos salientables do seu traballo e da vida dos animais cos que traballan.

O día 10 de decembro, con motivo do Día Internacional dos dereitos dos animais, leremos algún conto desta temática e faremos actividades na aula, como por exemplo un marcapáxinas.

Poñerémonos en contacto con algún centro de acollida de animais para que nos informen sobre o seu labor e facer unha recollida solidaria de comida.

O 17 de febreiro, con motivo do Entroido, realizaremos un desfile ata a Estación de ferrocarril disfrazados de personaxes de contos de animais: 101 dálmatas, Buscando a Nemo, Ratatouille, Pingüiños de Madagascar e Abella Maia.

En canto ás nosas saídas, temos proxectada unha visita ao Centro de Turismo Ecuestre O Ventoso en A Laracha para achegarnos ao mundo do campo realizando tarefas propias da granxa, coidado dos animais, horta e cultivos.

7. A festa das familias.

Celebrarase como sempre no remate do proxecto. Todos os grupos de aula prepararán unha actividade de escenario referida ao tema. Ofrecerana primeiro aos seus compañeiros e compañeiras un venres, na hora do conto. Logo, con todas elas elaboraremos o programa de actuacións para ofrecer ás familias.